

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA CÁTEDRA DE HIDROLOXÍA MÉDICA USC-BALNEARIOS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO CURSO 2022-2023

1. CURSO DE INICIACIÓN A BALNEOTERAPIA PARA ALUMNOS (6-15 DE FEBREIRO DE 2023)

Dirixido aos alumnos de últimos cursos de Medicina (4º e 5º). Duración 11 horas teóricas en cinco sesións ao longo de dúas semanas (os luns, mércores e xoves). Curso no que tras unha introdución a Hidroloxía Médica e Balneoterapia se estudan os principais procedementos de aplicación e indicacións actuais da balneoterapia.

Os alumnos que realicen o curso terán preferencia para asistir aos “*Fins de Semana nos balnearios*” que se celebraran nos fins de semana de febreiro e marzo.

Pavillón Docente Roberto Nóvoa Santos, aula 3. Horario: 18:30h a 20:30h. Asistiron 50 alumnos.

Programa:

Luns 6 de Febreiro:

- Lección 1. Hidroloxía médica e balneoterapia. Augas mineromedicinais: Clasificación. Indicacións e mecanismos de acción.
- Lección 2. Prevención en Medicina Termal.
Prof. Dr. Juan J. Gestal Otero, Profesor emérito de la USC. Codirector da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia.
- Lección 2b: Os Balnearios galegos. Normativa legal. Benigno Amor Barreiro. Xerente da Asociación Balnearia de Galicia.

Mércores 8 de Febreiro:

- Lección 3. Técnicas termais. Principais aplicacións
- Lección 4. Balneoterapia nas enfermidades respiratorias
Dr. Elías Festa Cayuela, Director médico del Balneario Caldelas de Tui

Xoves 9 de febreiro:

- Lección 5. Balneoterapia nas enfermidades vasculares crónicas
- Lección 6. Balneoterapia nos trastornos ansiosos e depresivos
Dra. Dolores Fernández Marcos, Directora médico de Caldaria Termal.

Luns 13 de febreiro:

- Lección 7. Balneoterapia na fibromialxia
- Lección 8. Balneoterapia nas enfermidades cutáneas
Dra. Laura Gómez San Miguel, Directora médico del balneario de Mondariz

Mércores 15 de febreiro:

- Lección 9. Balneoterapia nas enfermidades reumáticas
- Lección 10. Balneoterapia en Xeriatría

Dr. Antonio Freire Magariños, Director Médico del Balneario de Iberik Augas Santas

2. SEMINARIOS TEÓRICO-PRÁCTICOS DE FIN DE SEMANA EN BALNEARIOS (venres pola tarde e sábado todo o día) de 10 horas lectivas teórico-prácticas (6T/4P) cada un, con transporte (ida e regreso) e aloxamento en habitación dobre e manutención (cea, almorzo e xantar) dos alumnos no balneario, sen custo algún para eles. Dirixidos aos alumnos de 6º e 5º do Grao de Medicina. Organizáronse 5 seminarios. Número de alumnos por seminario: 20. Cubríronse todas as prazas e quedaron alumnos en lista de agarda.

24-25 de Febreiro

- **IBERIK AUGAS SANTAS BALNEARIO & GOLF: Hidroquinesoterapia e terapia termal na recuperación da Síndrome post-COVID-19.**

Venres 24:

16:00h: Acollida e acomodación.

16:30 - 19:00h: Sesión teórica. Técnicas termais e hidroquinesoterapia. Utilidade da terapia termal na recuperación da síndrome postCOVID-19. Dr. Antonio Freire Magariños, Director-médico.

19:00h: Pausa café.

19:15 - 21:00h: Sesión práctica: Técnicas termais. Yolanda Rodríguez López e Xaqueline Sotero Salgado. Técnicos Termais do Departamento de Formación do Hotel Balneario Augas Santas.

21:00. Cea.

Sábado 25:

8:30h: Almorzo.

9:00 - 11:30h: Sesión teórico-práctica: Hidroquinesoterapia. Patricia López Arias. Fisioterapeuta Hotel Balneario Augas Santas.

11:30 - 14:00h: Sesión práctica: Balneoterapia, aplicacións a presión colectivas en piscina.

14:00h: Comida.

Saída para Santiago de Compostela.

Coordinador: Dr. Antonio Freire Magariños, Director-médico de Iberik Augas Santas Balneario & Golf.

- **BALNEARIO DE COMPOSTELA: “Enfermedades dermatológicas: Psoríase. Uso de peloides”**. Coordinadora Dra. Belén Cabana González, directora médica do Balneario.

Venres 24

16:00h: Acollida e acomodación

16:15-17:00h: Balneario do Tremo, a súa historia e as súas augas. Dra. Belén Cabana González, Directora Medica Hotel-Balneario.

17:00-18:00h: Visita ao balneario. María de la Cruz Caamaño Rodríguez. Coordinadora Balneario.

18:00-19:00h. Tratamento terapéutico respiratorio. Dra. Belén Cabana González.

19: 21:00h: Practicas termais con auga (chorros, bañeiras, inhalacións, vichí). María Cruz Caamaño Rodríguez.

21:00h: Cea

Sábado 25

8:30h: Almorzo

9:00-10:00h: Actuación nos espazos termais. Innovacións no sector. Uso de peloides. Dra. Belén Cabana González.

10:00-11:00h: Prácticas termais en seco (peloides, parafangos, envolturas, presoterapia). María Cruz Caamaño Rodríguez.

11:00-13:00h: Efectos terapéuticos das augas termais na depresión. Estudio piloto. Dra. Cabana González.

13:00-14:00h: Prácticas do aprendido. María Cruz Caamaño Rodríguez

14:00h: Comida

Saída para Santiago

Coordinadora Dra. Belén Cabana González, Directora médica do Balneario de Compostela

10-11 de Marzo

- BALNEARIO DE MONDARIZ: Balneoterapia no paciente xeriátrico.

Venres 10:

16:00h: Acolida e acomodación dos alumnos.

16:30-18:00h: Balneario de Mondariz: Pasado, presente e futuro. Dra. Laura Gómez San Miguel. Directora médica do Balneario de Mondariz.

18:00- 19:00h: Visita as instalacións.

19:00-21:00h: Acceso ao Palacio da Auga (Circuíto Termal).

21:30h: Cea.

Sábado 11:

8:30-9:30h: Almorzo.

9:30-10:30h: Balneoterapia no paciente xeriátrico. Dra. Laura Gómez San Miguel. Directora médica do Balneario de Mondariz.

10:30-11:45h: Aplicacións da hidroterapia como actividade física no paciente xeriátrico. Jonás Rodríguez. Recuperador Físico do Balneario de Mondariz.

11:45-13:00h: Aplicacións da hidroterapia na fisioterapia do paciente xeriátrico.

Miriam Gómez. Fisioterapeuta balneario de Mondariz

13:00-15:00h: Sesión práctica.

15:00h: Comida

17:00h: Saída para Santiago de Compostela.

Coordinadora Dra. Laura Gómez San Miguel. Directora médica do Balneario de Mondariz

24-25 de marzo

- BALNEARIO TERMAS ROMANAS DE LUGO: Balneoterapia nas enfermidades reumáticas.

Venres 24:

16:00h.: Recepción e acomodación dos alumnos.

16:30 h: Sesión teórica: Mecanismo de acción das augas mineromedicinais sobre as enfermidades reumáticas. Dra. Rosa Meijide Failde. Catedrática de Hidroloxía Médica da UdC.

18:15 h: Pausa café.

18:30 h: Visita ao balneario.

19:00 h.: Sesión práctica no balneario (chorros, piscina termal, ...).

21:00 h: Cea.

Sábado 25:

9:00 - 10:00h: Almorzo.

10:00h: Sesión teórica: Tratamento de balneoterapia das enfermidades reumatolóxicas. Técnicas complementarias. Dr. Antonio Freire Magariños. Director médico del balneario Iberik Augas Santas.

11:45h: Pausa café.

12:00h: Sesión teórica: Panorama actual do termalismo en Galicia. Normativa sectorial. D. Benigno Amor. Xerente da Asociación Balnearios de Galicia.

14:30h: Comida.

16:00h: Sesión práctica: Inhalacións, chorros, duchas, circuío, bañeiras, ...

Saída para Santiago.

Coordinador: Dr. Antonio Freire Magariños, Director-médico del balneario Iberik Augas Santas.

- BALNEARIO DE LAIAS: Aplicación da balneoterapia na prevención da patoloxía vascular.

Venres 24:

16:00h: Recepción e acomodación dos alumnos.

16:30h: Sesión Teórica: Hidroloxía médica: Aspectos xerais e aplicacións de protocolos terapéuticos. Dra. Yolanda García. Directora médica do Balneario de O Carballiño.

18:30h: Pausa café.

19:00h: Visita ao balneario.

19:30h: Sesión práctica: Técnicas balnearias 1. Kamil Brzczenski.

21:00h: Cea.

Sábado 25:

8:30-9:30h: Almorzo.

9:30h: Sesión práctica: Técnicas balnearias 2. Kamil Brzczenski.

11:30h: Pausa café.

12:00h: Sesión teórica: Indicacións da balneoterapia na patoloxía vascular: Mecanismo de acción das augas mineromedicinais nas vasculopatías. Dra. M. Dolores Fernández Marcos. Directora médico Caldaria Hoteis e Balnearios.

14:30h: Comida.

16:00h: Sesión práctica.

Saída para Santiago.

Coordinadora Dra. María Dolores Fernández Marcos. Directora médica de Caldaria Hoteis e Balnearios.

3. PRESENTACIÓN DO LIBRO “TERMALISMO EN EL OESTE DE LA PENÍNSULA IBÉRICA 2.

Levou a cabo o 8 de marzo as 12:30h no Salón de Plenos do Concello de Caldas de Reis, nun acto con conexión telemática con América, presidido polo Sr. Alcalde de Caldas de Reis, a Sra. Directora da Axencia de Turismo de Galicia, o Director da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia e o profesor de Física Aplicada da Universidade de Vigo, José Luís Legido. O libro recolle os contidos do último Curso de Hidroloxía organizado polo Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo que contou coa colaboración da Cátedra de Hidroloxía USC-Balnearios de Galicia. Os asistentes foron agasallados cun exemplar do libro.

4. PARTICIPACIÓN NO CAMPUS ITINERANTE DO IV CICLO DA USC E O CONCELLO DE RIBEIRA, IMPARTINDO O SEMINARIO “PRINCIPAIS INDICACIÓNS ACTUAIS DA BALNEOTERAPIA”, de 4 horas no Concello de Ribeira os días 19 e 20 de abril e a clausura no Balneario Compostela de Brión o 3 de maio.

Centro Cultural Lustres Rivas (Ribeira)

Mércores 19 de abril (17 a 18h):

- *Hidroloxía médica e balneoterapia. Augas mineromedicinais: Clasificación e principais indicacións.* Prof. Dr. Juan J. Gestal Otero, Profesor emérito de la USC. Director de la Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia.

Xoves 20 de abril (17 a 18h):

- *Balneoterapia nas enfermidades reumáticas.* Dr. Antonio Freire Magariños, Director Médico del Balneario Iberik Augas Santas.

Balneario do Tremo (Brión)

Mércores 3 de maio (17 a 20h):

- *Balneoterapia nas enfermidades respiratorias.* Dr. Elías Festa Cayuela, Director médico del Balneario Caldelas de Tui.
- *Reeducación funcional do paciente nun Balneario.* Dra. Laura Gómez San Miguel, Directora médica do Balneario de Mondariz.
- Visita guiada ao Hotel Balneario do Tremo (Brión)

5. PARTICIPACIÓN NA ENTREGA DO X PREMIO INTERNACIONAL MARCIAL CAMPOS A INVESTIGACIÓN TERMAL

Tivo lugar en Santiago, o sábado 11 de marzo, no Hostal dos Reis Católicos, nun acto presidido pola Directora Xeral de Turismo, Dona Nava Castro, e o Director Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, D. Pablo Fernández Vila.

6. CICLO “A SAÚDE É O QUE IMPORTA”. Celebráronse dúas sesións

- 1ª SESIÓN, 26 DE ABRIL 19:30H: MESA REDONDA SOBRE BALNEOTERAPIA NA RECUPERACIÓN DA COVID PERSISTENTE (Salón Rahid do Hotel Araganey)
Moderador: Prof. Dr. Juan J. Gestal Otero, Director da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia
 - **A Síndrome de COVID persistente.** Dra. María Jesús Rodríguez Santalla. Médica internista na Unidade de Enfermidades Infecciosas do Hospital Clínico Universitario de Santiago
 - **A percepción dos pacientes.** Dona Isabel Quintana Jambrina, Representante do colectivo COVID persistente de Galicia
 - **A cura balnearia na recuperación dos pacientes con Síndrome de COVID persistente.** Dr. Antonio Freire Magariños, director médico del Balneario de Iberik Augas Santas.
- 2ª SESIÓN: 24 DE MAIO 19:30H. BALNEOTERAPIA NAS ENFERMIDADES DA PEL, VASCULARES CRÓNICAS E SECUELAS DE AFECCIÓN NEUROLÓXICAS CRÓNICAS (Casino de Santiago)
Moderador: Profesor Dr. José Martín Carreira Villamor, Codirector da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia

- ***Indicacións ca cura balnearia na psoríase e outras enfermidades da pel.***
Dr. Hugo Vázquez Veiga, Xefe do Servizo de Dermatoloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago
- ***A balneoterapia nas enfermidades vasculares periféricas crónicas.*** Dr. Alejandro Rodríguez Río, Médico adxunto do Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular do Hospital Clínico Universitario de Santiago
- ***A balneoterapia na recuperación das secuelas de afeccións neurolóxicas crónicas (ACV, Párkinson, esclerose en placas, síndrome de Guillain-Barré, ...).*** Dr. Jesús Figueroa Rodríguez, Xefe do Servizo de Rehabilitación do Hospital Clínico Universitario de Santiago

7. DISTRIBUCIÓN DO VADEMECUM DE AUGAS MINEROMEDICINAIS DE GALICIA, a través das Xerencias dos Hospitais do SERGAS aos novos residentes de Medicina Familiar e Comunitaria, Pediatría, Dermatoloxía, Pneumoloxía, Reumatoloxía, Traumatoloxía e Rehabilitación de todos os hospitais de Galicia.

8. IMPRESIÓN DO LIBRO: CONGRESO SOBRE PELOIDES

Colaborouse co Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo, que dirixe o Profesor José Luís Legido, na edición do libro Congreso sobre Peloides.

9. REIMPRESIÓN DO LIBRO BALNEARIOS EN LOS CAMINOS DE SANTIAGO EN GALICIA

Levou a cabo unha reimpresión de 1.906 exemplares do libro BALNEARIOS EN LOS CAMINOS DE SANTIAGO EN GALICIA

10. PARTICIPACIÓN EN TERMATALIA, CELEBRADA EN SALTO (URUGUAI) DO 4 O 6 DE OUTUBRO DE 2023

- IV CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE AUGA E SAUDE (Mércores 4 de outubro)

9.30H. SESIÓN SOBRE HIDROLOXÍA MÉDICA: **Evidencias científicas sobre a Hidroloxía Médica. Sinerxías entre universidade, medicina e empresa privada para o desenvolvemento do termalismo.**

- Dr. Francisco Maraver Eyzaguirre. Director da Escola Profesional de Hidroloxía Médica e Hidroterapia da Facultade de Medicina da Universidade Complutense de Madrid (España). Presidente da Sociedade Española de Hidroloxía Médica.

- Dr. Miguel Ángel Fernández Torán. Director Xeral e Director Médico do Balneario de Cofrentes (España).

- Dr. Pedro Cantista. Presidente da International Society of Medical Hydrology (ISMH).

- Dr. Juan Gestal Otero. Director da Cátedra de Hidroloxía Médica USC- Balnearios de Galicia.

- PRESENTACIÓN DE PUBLICACIÓNS ESPECIALIZADAS EN TURISMO DE SAÚDE E BENESTAR (XOVES 5 DE OUTUBRO)

10:00H- Presentación polo Dr. Juan J. Gestal Otero, dos libros: “**Vademécum de las augas mineromedicinales de Galicia**” e “**Balnearios en los Caminos de Santiago en Galicia**”, editados pola Cátedra.

11. DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES DA CÁTEDRA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Ao longo do curso académico 2022-2023, a Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia mantivo a súa **presenza nos medios de comunicación galegos**. As informacións remitidas dende Vía Láctea durante este curso tiveron impacto, en maior ou menor medida, en boa parte da prensa diaria que se edita en Galicia, tanto nos xornais da área de influencia de Santiago de Compostela como noutros rotativos da comunidade. Mesmo se recolleron en varias plataformas dixitais, publicacións especializadas e nalgúñas axencias de noticias. Así mesmo, diferentes medios audiovisuais difundiron noticias relativas á Cátedra nos seus programas e informativos. Nesta liña, os principais voceiros e expertos participantes no programa de cursos e actividades desta edición deron conta da importancia desta iniciativa e dos seus contidos a través de entrevistas nos medios. (Axúntase o informe con todos os detalles).

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Prof. Dr. Juan Jesús Gestal Otero

Director da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA